

1. CIRCULAR 20181213: Festa Nadal

Estimadas familias; co remate deste trimestre e a chegada das vacacións de Nadal queremos pedir a vosa axuda para **organizar a Festa de Gala de Fin de Ano**, como ven sendo tradición nestas datas. **O Venres 21 de decembro** organizaremos a nosa tradicional festa de Fin de Ano, polo que se esixe un “**plus de elegancia**” para asistir e tomar as uvas de cambio de ano en condicións!

Con todo, ese día teremos unha visita inesperada no centro, **virá a neta do Rei de Baltasar, a princesa “Aylin” a recoller as cartas dos rapaces, bailar e a falar con eles**, para iso faremos unha recepción oficial da súa chegada coa seguinte planificación estimada como a ocasión o require:

- 09:00h **Entrada do alumnado** ao centro e recepción por parte dos Paxes Reais.
- 10:00h **Chegada en barco da Princesa Aylin** ao peirao do Cole (é posible que se adíe):
- 10:30h **FlashMOB Baile de Benvida!!!** para alumnos/as e familias (obrigatorio ter un gorro de Papa Noel). (hora estimada)
 - Ver Coreografía en <http://nadal.ceipdelaredo.com>
- 10:50h – 11:00h **Recepción oficial** das cartas do alumnado de Educ. Infantil+1º+2º// Photocall
- 11:00h – 12:00h **Recepción oficial** das cartas do alumnado de 3º+4º+5º+6º // Photocall
- 12:00h -12:30h **Intercambios de postais** Padriños e Afillados Lectores
- 12:30h **Badaladas Fin de ANO + Uvas**
- 12:45h **Sesión Guateque:** Merenda (Doces de Nadal + Baile)
- 13:30h Entrega de Notas 14:00h Saída do alumnado

Agradecemos a colaboración das familias

- **Baile:** Preparade o baile cos vosos fillos/as para dar a benvida a princesa Aylin
- **Xantar de Nadal:** O ANPA farase cargo de todo o necesario.
- **Carta:** Achegamos a carta oficial para entregar á Princesa.
- **Festa de Fin de Ano:** Lembra de engalanar aos voso fillos/as na nosa xa tradicional festa de fin de ano e traer confettis, serpentinas para o gran momento.

Moitas grazas pola vosa colaboración!

NOTA

- No dorso desta **circular tedes a carta oficial** para entregar a princesa Aylin o día da festa.
- **Alumno leva un poster** para difundir o FLASHMOB que **deberá pegar nalgún establecemento ou zona común de Chapela**, sacarse unha foto co cartel e envíalo a biblio@ceipdelaredo.com
- Lembramos que nos incorporamos **o día 8 de Xaneiro** e que o alumnado deberá entregar asinada o resguardo das notas para entregar aos titores.



Querida Princesa Aglin

